

DECRETO 41/2001, DO 1 DE FEBREIRO, DE REFUNDICIÓN DA NORMATIVA EN MATERIA DE BIBLIOTECAS (DOG nº 36, do 20 de febreiro).

A disposición derogatoria deste Decreto derogou o Decreto 414/1986, do 18 de decembro, de regulación do sistema público de arquivos da Comunidade Autónoma Galega (DOG do 23 de xaneiro de 1987, corrección de erros, DOG de 6 de febreiro de 1987).

Corresponde á Xunta de Galicia, de acordo co artigo 27.18º do Estatuto de Autonomía de Galicia, a competencia exclusiva en materia de bibliotecas de interese para a Comunidade Autónoma que non sexan de titularidade estatal.

Tras a promulgación da Lei 14/1989, de 11 de outubro, de Bibliotecas, tivo lugar un amplo desenvolvemento reglamentario de ésta dando así cumprimento á disposta na súa exposición de motivos, de facilitar o acceso á cultura en condicións de igualdade para todos os cidadáns a través da lectura. Ésta é unha función que se considera esencial entre as encomendadas ás bibliotecas, que segundo o artigo 3 da Lei son: ofrecer ao público un conxunto organizado de fondos bibliográficos e audiovisuais, conservar e acrescentar o patrimonio bibliográfico, fomentar o seu uso e fomentar a cooperación interbibliotecaria.

Con este Decreto faise posíbel que toda a dispersión normativa de desenvolvemento da Lei 14/1989 se reúna nunha só disposición. desta maneira veñense a integrar as seguintes normas:

* Decreto 38/1991, de 1 de febreiro, polo que se regula o funcionamento das bibliotecas itinerantes de empréstimo, que desenvolve o artigo 9.1º da Lei 14/1989, que fai referencia a núcleos de poboación con menos de 2.000 habitantes atendidos por un subsistema de bibliotecas móbiles ou axencias de lectura.

* Orde de 14 de febreiro de 1992, pola que se desenvolve o Decreto 38/1991, de 1 de febreiro, que regula o funcionamento das bibliotecas itinerantes de empréstimo, en desenvolvemento do artigo 9.1 da Lei 14/1989.

* Decreto 57/1992, de 19 de febreiro, polo que se desenvolven as funcións dos órganos do sistema bibliotecario de Galicia, en desenvolvemento dos artigos 6.2º, 6.3º, 6.4º e 7 da Lei 14/1989.

* Decreto 24/1995, de 20 de xaneiro, polo que se regulan os centros bibliotecarios fixos, que desenvolve o artigo 1.3º da Lei 14/1989, que plasma o deber dos poderes públicos galegos de arbitrar as fórmulas necesarias para crear e manter un adecuado sistema bibliotecario.

* Orde de 4 de abril de 1995, pola que se regula o funcionamento do Rexisto de Bibliotecas de Galicia, que desenvolve o Decreto 24/1995, no que se refere á creación do Rexisto de Bibliotecas de Galicia.

* Orde de 21 de novembro de 1995, pola que se desenvolve o Decreto 24/1995, de 20 de xaneiro, polo que se regulan os centros bibliotecarios fixos, no referente á creación de bibliotecas municipais en colaboración coa Consellería de Cultura e pola que se regula a integración na Rede de Bibliotecas de Galicia.

* Orde de 27 de agosto de 1996 pola que se declara como biblioteca nodal a Biblioteca Central de Vigo, que desenvolve o artigo 4 do Decreto 24/1995.

En definitiva, con esta refundición o presente decreto fica estruturado nos seguintes cinco capítulos: dos órganos do sistema bibliotecario; dos centros bibliotecarios fixos; das bibliotecas itinerantes de empréstimo; do Rexisto de Bibliotecas de Galicia; e da creación das bibliotecas municipais e da integración na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Por todo o exposto é polo que, a proposta do conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo e previa deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa xuntanza do día un de febreiro de dous mil un, dispoño:

CAPÍTULO I

DOS ÓRGAOS DO SISTEMA BIBLIOTECARIO

Artigo 1. Órgaos.

Os órganos do sistema bibliotecario de Galicia son o servizo competente en materia do libro e bibliotecas, o Consello de Bibliotecas e os centros territoriais de bibliotecas.

Artigo 2. Funcións do servizo competente en materia do libro e bibliotecas.

Son funcións do servizo competente en materia do libro e bibliotecas, dependente do correspondiente centro directivo da consellería competente en materia de cultura:

1. A coordinación e inspección última das bibliotecas de Galicia.

2. O estudo da planificación dos servizos bibliotecarios e a programación das necesidades.
3. A planificación das bibliotecas itinerantes de empréstito.
4. A proposta de normas técnicas de organización das bibliotecas de Galicia.
5. A elaboración de normas para os distintos servizos da Rede de Bibliotecas de Galicia e para a súa estrutura informática e de comunicación.
6. O informe das propostas de incorporación dos servizos á rede.
7. O asesoramento técnico a todas as bibliotecas da rede.
8. Os estudos, informes e asesoramento para a creación de novas bibliotecas ou novos servizos bibliotecarios.
9. A proposta de adquisición dos lotes bibliográficos fundacionais dos novos servizos bibliotecarios que se incorporen á rede.
10. A proposta de aprobación da distribución dos locais e do amoblamento das novas bibliotecas.
11. A proposta de organización de cursos de formación bibliotecaria.
12. A proposta de apoio á investigación nos ámbitos bibliográfico e biblioteconómico.
13. A distribución do material técnico entre as bibliotecas.
14. A tramitación e informe dos expedientes de solicitude de bibliotecas de nova creación e dos de traslados de locais.
15. A coordinación da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Artigo 3. O Consello de Bibliotecas.

O Consello de Bibliotecas, órgano consultivo asesor da Xunta de Galicia en materia bibliotecaria, ten como funcións, ademais das que sinala o artigo 6.3º da Lei 14/1989, as seguintes:

1. Coñecer as liñas xerais das actividades complementarias programadas polas bibliotecas da rede.
2. Asesorar á consellería competente en materia de cultura, cando así se solicite, sobre as bibliotecas de especial interese para Galicia e coñecer o programa anual de distribución de fondos e axudas a estas bibliotecas.
3. Asesorar á consellería competente en materia de cultura, sobre cuestións referentes ao Sistema Bibliotecario de Galicia.
4. A composición e funcionamento do Consello de Bibliotecas rexeráse polo establecido no artigo 6.2º e 4º da Lei 14/1989.

Artigo 4. Centros territoriais de bibliotecas.

Os centros territoriais de bibliotecas son os órganos de orientación e coordinación do funcionamento da rede bibliotecaria no ámbito provincial. Os centros territoriais de bibliotecas serán un por provincia e se corresponden con cada unha das delegacións provinciais da consellería competente en materia de cultura. A composición e funcionamento dos centros territoriais de bibliotecas rexeráse polo establecido nos artigos 7 e 6.4º da Lei 14/1989.

Artigo 5. Delegacións provinciais.

As delegacións provinciais da consellería competente en materia de cultura, en relación coas bibliotecas incluídas no seu ámbito territorial, realizarán as seguintes funcións:

1. A inspección de bibliotecas, dentro das directrices impartidas polo centro directivo competente.
2. A tramitación e informe dos expedientes de solicitude de bibliotecas de nova creación e dos traslados de locais.
3. A xestión das bibliotecas itinerantes de empréstito.
4. A colaboración, apoio e información ao persoal bibliotecario.

CAPÍTULO II CENTROS BIBLIOTECARIOS FIXOS

Artigo 6. Obxecto.

Son centros bibliotecarios fixos os seguintes:

- O Centro Superior Bibliográfico de Galicia.
- As bibliotecas públicas dependentes da consellería competente en materia de cultura.

- As bibliotecas públicas dependentes dos concellos, entre as que se contan as bibliotecas comarcais, as bibliotecas cabeceras de redes urbanas ou municipais, as bibliotecas públicas municipais e as axencias de lectura desta procedencia.
- As bibliotecas públicas ou as axencias de lectura, de titularidade privada concertadas, así como as bibliotecas públicas non dependentes da consellería competente en materia de cultura, nen dependentes dos concellos, aínda que de titularidade pública.
- As bibliotecas especiais, xa sexa polos seus fondos, xa por estar dirixidas a sectores de usuarios con especiais necesidades ou dificultades, tanto sexan de titularidade e uso público, como de titularidade privada concertadas.
- As bibliotecas concertadas de especial interese para Galicia.

Artigo 7. Rede de Bibliotecas de Galicia.

1. Se denomina Rede de Bibliotecas de Galicia a estruturación nun sistema coordinado, dos centros bibliotecarios incluídos no Sistema Bibliotecario de Galicia. Formarán parte da mesma tanto os centros bibliotecarios dependentes directamente da consellería competente en materia de cultura, como todos os de titularidade pública ou privada que, mediante a sinatura dun convenio, se comprometan a colaborar nos obxectivos de mellora do sistema bibliotecario que se perseguen con dita rede.
2. A súa xestión, é dicir, organización, enderezo e inspección dos diversos programas de coordinación e cooperación dentro da rede, correrá a cargo da consellería competente en materia de cultura, a través dos servizos competentes do correspondiente centro directivo.
3. A cabeceira da Rede de Bibliotecas de Galicia será o Centro Superior Bibliográfico de Galicia.

Artigo 8. Centro Superior Bibliográfico de Galicia.

1. O Centro Superior Bibliográfico de Galicia será o núcleo central de información bibliográfica, de automatización de normalización dos procesos técnicos, dos planos para a catalogación centralizada ou compartida, e de información, asesoría e formación profesional. Será tamén o centro principal de calquer actividade colectiva ou de carácter xeral para o ámbito galego, que poda xurdir na Rede de Bibliotecas de Galicia.
2. O Centro Superior Bibliográfico recibirá un exemplar do depósito legal segundo disposto no artigo 4.1º do Decreto de 1 de febreiro de 2001, de Refundición da Normativa en Materia do Depósito Legal, e os dez exemplares que establece o Decreto 316/1990, de 8 de xuño, polo que se regulan as publicacións da Xunta de Galicia.

A referencia ao Decreto 316/1990 ha de entenderse hoxe feita ao artigo 12 do Decreto 196/2001, do 26 de xullo, polo que se regulan as publicacións da Xunta de Galicia (DOG nº 162, do 22 de agosto).

3. Realizará as funcións que se determinan no artigo 8 da Lei 14/1989, de 11, de outubro, de bibliotecas, ademais das que se relacionan a continuación:
 - O enderezo técnico dos procesos de catalogación compartida ou centralizada, ademais de outros programas que podan xurdir na rede.
 - A xestión das responsabilidades asumidas pola Xunta de Galicia en todo o referente ao tesouro bibliográfico e dirección e asesoría técnica nos programas de conservación e restauración.
 - O estudo, elaboración e difusión dos requirimentos de normalización precisos para o correcto funcionamento en rede e para permitir as necesarias conexións dentro do sistema e de este coas redes nacionais e internacionais.
 - A información, asesoría e formación técnica ás bibliotecas da rede.
 - A coordinación dos servizos de empréstimo interbibliotecario e de empréstimo directo.
 - A difusión da información recopilada ou xerada pola propia institución.

Artigo 9. Bibliotecas nodais.

1. Considéranse bibliotecas nodais as cinco bibliotecas públicas de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, así como os que no seu momento poda decidir a consellería competente en materia de cultura. Serán funcións destas bibliotecas, aparte das que lles correspondan como bibliotecas públicas, actuar como cabeceiras da rede territorial, a efectos de información bibliográfica, rede automatizada e empréstimo interbibliotecario. As bibliotecas de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo serán depositarias, en concepto de depósito legal, dunha exemplar

daquelas materiais producidos na súa provincia ou na súa cidade no caso de Vigo. Funcionarán durante un mínimo de 55 horas semanais, de luns a sábado.

2. As bibliotecas nodais emprestarán, alomenos, os seguintes servizos:
 - Información bibliográfica.
 - Consulta en sala.
 - Empréstimo a domicilio.
 - Hemeroteca.
 - Servizo de materiais sonoros e audiovisuais.
 - Sección infantil e xuvenil.
 - Sección local.
3. As bibliotecas públicas nodais deberán contar con persoal suficiente para cubrir debidamente estes servizos e levar a cabo as tarefas técnicas que lles correspondan, en horario de mañá e tarde, con un mínimo de 55 horas semanais de apertura ao público, durante seis días á semana, podendo durante o verán adoptar horario continuado de mañá. A dirección técnica destes centros deberá estar desempeñada por funcionarios dos corpos especiais para bibliotecas, arquivos e museus da Xunta de Galicia naqueles casos en que o centro estexa xestionado pola consellería competente en materia de cultura.

Artigo 10. Bibliotecas comarcais e bibliotecas cabeceiras de redes urbanas e municipais.

1. As bibliotecas comarcais e as bibliotecas cabeceiras de redes urbanas ou municipais serán bibliotecas públicas establecidas nunha bisbarra ou nunha cidade ou municipio e que serán designadas como tais. Poderán actuar como cabeceiras doutras bibliotecas situadas no seu ámbito de influencia mesmo cando non exista interdependencia orgánica entre elas.
2. Son funcións destas bibliotecas, aparte das que lles corresponden como bibliotecas públicas, actuar como cabeceiras da rede dun municipio ou bisbarra a efectos de información bibliográfica, rede automatizada e empréstimo interbibliotecario. Deberán recoller, procesar e conservar tamén, dentro da súa sección local, todo canto material hemerográfico se produza no seu ámbito territorial.
3. Estas bibliotecas emprestarán, alomenos, os seguintes servizos:
 - Información bibliográfica.
 - Consulta en sala.
 - Empréstimo a domicilio.
 - Hemeroteca.
 - Servizo de materiais sonoros e audiovisuais.
 - Sección infantil e xuvenil.
 - Sección local.
4. As bibliotecas comarcais serán criadas por orde da consellería competente en materia de cultura, seleccionándoas entre as bibliotecas públicas que reúnan as características máis idóneas. Neste sentido terase en conta non só a situación do centro, se non sobre todo as características e importancia das súas instalacións e dos seus fondos, a súa dotación persoal, e a súa dotación orzamentar con cargo ao concello ou institución da que dependa, así como a calidade, amplitude e estabilidade dos seus servizos. As bibliotecas comarcais deberán contar con persoal suficiente para esta responsabilidade e deberán contar con un titulado alomenos de grao medio, con formación técnica en bibliotecas. A designación dunha biblioteca como comarcal se fará de comun acordo cos titulares da citada biblioteca. Terán carácter prioritario para a concesión de subvencións da consellería competente en materia de cultura.
5. A designación dunha biblioteca como cabeceira de rede urbana ou municipal, será competencia dos responsábeis de dita rede.

Artigo 11. Bibliotecas públicas municipais.

1. Consideranse bibliotecas públicas municipais aquelas bibliotecas públicas xestionadas polos concellos que empresten, alomenos os seguintes servizos:
 - Información bibliográfica.
 - Consulta en sala.
 - Empréstimo a domicilio.
 - Hemeroteca.
 - Sección infantil e xuvenil.

- Sección local.

No caso de redes municipais, recollerase a posibilidade de bibliotecas especializadas nalgun destes servizos polo que non será necesario que os empresten todos.

2. Os locais onde se instalarán as bibliotecas municipais terán como mínimo unha superficie de 100 metros cadrados. O seu horario de atención ao público será de 25 horas semanais como mínimo, ao longo de, alomenos, cinco días, e preferentemente de seis. As bibliotecas destas características deberán contar, alomenos, con un titulado en grao medio con formación técnica en bibliotecas.

Artigo 12. Bibliotecas públicas de titularidade privada concertada.

1. Considéranse bibliotecas públicas de titularidade privada concertadas aqueles centros non dependentes de organismos públicos e asimilábeis nos seus servizos ás bibliotecas públicas, que establezan un convenio de colaboración coa consellería competente en materia de cultura para a súa utilización polo público lector en xeral. Inclúiranse neste grupo as bibliotecas públicas dependentes de organismos e entidades diferentes da consellería competente en materia de cultura, ou dos concellos, que asinen o correspondente convenio con dita consellería.
2. Todas elas deberán contar con información bibliográfica, alomenos, dos seus fondos, e deberán contar con dous, como mínimo, dos seguintes servizos:
 - Empréstimo a domicilio.
 - Sección infantil e xuvenil.
 - Consulta en sala.
3. Os locais onde se instalen terán como mínimo unha superficie de 100 m². O seu horario de atención ao público será, alomenos, de 20 horas semanais, ao longo de tres días como mínimo e estarán atendidas por persoal axeitado.

Artigo 13. Axencias de lectura municipais.

1. Consideraranse axencias de lectura municipais aquelas bibliotecas públicas de titularidade municipal que teñen menores dimensións ou atenden ao público en horario máis reducido.
2. As axencias de lectura municipais emprestarán, alomenos, os seguintes servizos:
 - Información.
 - Empréstimo a domicilio.
 - Sección infantil e xuvenil.
 - Consulta en sala.

En caso de redes municipais de bibliotecas recóllese a posibilidade de axencias de lectura especializadas en algun destes ou outros servizos.

3. Os locais nos que se instalen as axencias de lectura municipais terán como mínimo unha superficie de 40 m². O seu horario de atención ao público será, alomenos, de 15 horas semanais ao longo de 3 días como mínimo. Estarán atendidas por persoal competente e adecuado ao seu labor. Poderán depender dunha biblioteca pública, cabeceira de rede urbana ou municipal, ou biblioteca comarcal. Neste sentido establécese a posibilidade de mancomunar servizos entre varios concellos, de forma que as axencias de lectura podan contar con unha dirección técnica común a varios centros.

Artigo 14. Axencias de lectura de titularidade privada concertadas.

1. Considéranse axencias de lectura de titularidade privada concertadas aqueles centros bibliotecarios que, non dependendo de organismos públicos e non tendo os fondos, os servizos, a superficie e o horario de atención ao público das bibliotecas públicas, empresten, sen embargo, algun tipo de servizos bibliotecarios á comunidade.
2. Deberán emprestar información bibliográfica dos seus fondos, e un, alomenos, dos seguintes servizos:
 - Empréstimo a domicilio.
 - Sección infantil e xuvenil.
 - Consulta en sala.

3. Os locais nos que se instalen terán como mínimo unha superficie de 40 m².

A súa horaría de atención á pública será de 10 horas semanais como mínimo, ao longo, polo menos, de tres días.

Estarán atendidas por persoal competente.

Poderán depender funcionalmente dunha biblioteca pública, ou cabeceira de rede urbana ou municipal, ou biblioteca comarcal.

Artigo 15. Bibliotecas especiais.

1. Considéranse bibliotecas especiais os centros bibliotecarios especializados xa polo carácter dos seus fondos, xa por estaren dirixidas a un sector determinado da sociedade tais como bibliotecas de cadeas, hospitais e outros.
2. Estes centros poderán depender xa de organismos públicos, xa de organismos privados, debendo en calquer caso asinarse, para formar parte da rede, o correspondente convenio coa consellería competente en materia de cultura.
3. Dadas as especiais características destes centros, a consellería competente en materia de cultura, determinará para cada caso concreto a idoneidade dos servizos.

Artigo 16. Bibliotecas de titularidade privada de especial interese para Galicia.

1. Considéranse bibliotecas de titularidade privada de especial interese para Galicia aquelas bibliotecas que, polos fondos que custodian, teñan especial importancia para a cultura galega. A consellería competente en materia de cultura, mediante orde, determinará as bibliotecas de titularidade privada de entre as concertadas que merecen a denominación de especial interese para Galicia.
2. Empréstaran, alomenos, os seguintes servizos:
 - Información bibliográfica.
 - Consulta en sala.
 - Sección especializada con fondo bibliográfico de importancia para a cultura galega.

Artigo 17. Unidade de xestión.

1. Os fondos de todas as bibliotecas obxecto do presente decreto forman unha unidade de xestión ao servizo da comunidade galega.
2. Todas estas bibliotecas poderán formar parte da Rede de Bibliotecas de Galicia. Para iso, excepto as bibliotecas nodais, deberán asinar un convenio coa consellería competente en materia de cultura. A tal efecto, esta consellería verificará as condicións que deben cumprir para se integraren na Rede de Bibliotecas de Galicia.
3. Os centros bibliotecarios pertencentes á Rede de Bibliotecas de Galicia deberán axustar os seus sistemas informáticos aos requerimentos de normalización que a consellería competente en materia de cultura determine, a fin de permitir e facilitar o troco de rexistos e o correcto funcionamento dos servizos que podan compartirse dentro da rede.

CAPÍTULO III
DAS BIBLIOTECAS ITINERANTES DE EMPRÉSTIMO

Artigo 18. Ámbito.

As bibliotecas itinerantes de empréstito atenderán as necesidades dos núcleos de poboación menores de dous mil habitantes, sen prexuízo do disposto no artigo 9.1º da Lei 14/1989, de 11 de outubro, de bibliotecas, no referente ás axencias de lectura. Atenderán, ademais, aquelas colectivas humanas, que, polas súas especiais características, non teñan fácil acceso a unha biblioteca convencional e demanden os seus servizos: asociacións culturais, hospitais, cadeas, barcos e outros. Poden atender, asemade, as peticións de persoas individuais que por razóns de índole especial non podan acceder a unha biblioteca pública.

Artigo 19. Organización, xestión e coordinación.

A organización, xestión e coordinación das bibliotecas itinerantes de empréstito corresponde ao centro directivo competente en materia de bibliotecas e, en cada provincia, ás delegacións provinciais da consellería competente en materia de cultura.

Artigo 20. Competencia.

Corresponde ao centro directivo competente ao que estexan adscritas as funcións relacionadas coas bibliotecas na estrutura orgánica da consellería competente en materia de cultura, a selección e preparación do material técnico necesario para o funcionamento das bibliotecas itinerantes de empréstito, a adquisición e substitución dos materiais bibliográficos e audiovisuais que formen os fondos de empréstito das bibliotecas e a realización dos informes técnicos sobre o seu funcionamento.

Artigo 21. Servizos das bibliotecas itinerantes de empréstito.

As bibliotecas itinerantes de empréstitos poderán contar con tres tipos de servizos: maletas viaxeiras, bibliobuses e empréstito directo.

Estes servizos non suporán nengun custe para os solicitantes.

Os usuarios comprométense a devolver o material bibliográfico ou audiovisual en perfeitas condicións aos puntos de recepción que se lles indiquen. A demora inxustificada suporá a perda da condición de prestatario.

Artigo 22. Maletas viaxeiras.

1. As maletas viaxeiras defínense como as maletas que conteñen lotes bibliográficos ou audiovisuais que poderán ser empréstados por un período determinado.
2. Conterán distintos tipos de lotes bibliográficos e audiovisuais, identificados por letras e números, que comprenderán literatura infantil, xuvenil e de adultos: materiais xerais e audiovisuais.
 - a) Literatura infantil.
 - a.1) Literatura infantil en castelán.
 - a.2) Literatura infantil en galego.
 - b) Literatura xuvenil.
 - b.1) Literatura xuvenil en castelán.
 - b.2) Literatura xuvenil en galego.
 - c) Literatura adultos.
 - c.1) Literatura adultos en castelán.
 - c.2) Literatura adultos en galego.
 - d) Materiais especiais.
 - d.1) Ciencias sociais.
 - d.2) Filloxia.
 - d.3) Agricultura.
 - d.4) Mar e pesca. Saúde. Deporte e tempo libre.
 - d.5) Arte.Ciencias da natureza.
 - d.6) Varios.
 - e) Audiovisual.
 - e.1) Vídeos recreativos.
 - e.2) Vídeos culturais.
 - e.3) Casettes musicais.
 - e.4) Discos e compactos musicais.
3. A solicitude enviarase ás Delegacións Provinciais da consellería competente en materia de cultura. Os solicitantes ficarán obrigados a cumprir todas aquelas normas que se diten ao respecto por esta consellería.
4. O envío dos lotes bibliográficos e audiovisuais realizarase desde os puntos de reparto das bibliotecas itinerantes de empréstito que sinalen as delegacións provinciais da consellería competente en materia de cultura, a aquelas entidades que a soliciten, de maneira totalmente gratuita. Terán preferencia as entidades de carácter eminentemente cultural ou educativo. A súa devolución será acordada pola Delegación Provincial de dita consellería coa entidade, sen que a ésta lle supoña ningún custe.
5. A petición dos lotes será realizada por persoa debidamente autorizada pola entidade solicitante, cobrindo os impresos que a Delegación Provincial da consellería lle facilite. Un exemplar será arquivado na delegación provincial e outro ficará en poder do solicitante.
6. Establécese un prazo de 48 horas para facer reclamacións sobre o contido dos lotes, tanto por parte da entidade no momento da recepción do lote, como da Delegación Provincial da consellería, no momento da súa devolución, entendéndose en outro caso que o lote está completo.
7. O empréstito farase desde as Delegacións Provinciais da consellería ou nos lugares que éstas determinen.

8. Os lotes empréstanse por un período de dous meses, podendo a Delegación Provincial da consellería acceder ou denegar a prórroga de outro único período.
9. As Delegacións Provinciais da consellería, de acordo coa demanda do servizo de empréstimo, determinarán o número máximo de lotes que unha entidade pode retirar ao mesmo tempo.
10. As entidades beneficiarias dos empréstitos obríganse a cumprir as seguintes normas:
 - a) Responder do material recibido, repóndoos en caso de perda, subtracción ou deterioro inxustificado.
 - b) Facer constar os datos solicitados nos impresos que acompañan os lotes e que se utilizarán a efectos organizativos e estatísticos.
 - c) Difundir gratuitamente os libros e o material audiovisual entre as persoas pertencentes á entidade.
 - d) Devolver os lotes nos prazos sinalados.
 - e) Cumprir calquer outra norma que dite a consellería para un mellor funcionamento deste servizo.
11. O incumprimento das normas contidas no número anterior implicará a perda da condición de entidade beneficiaria.

Artigo 23. Bibliobuses.

1. Os bibliobuses son pequenas bibliotecas establecidas en autobuses, consideradas como bibliotecas ambulantes de empréstimo, que contan con servizos de información e empréstimo.
2. Os bibliobuses das bibliotecas itinerantes de empréstimo serán os vehículos con lotes bibliográficos e audiovisuais de propiedade da Xunta de Galicia e aqueles que entren a formar parte deste servizo mediante convenios.
3. O calendario de roteiros cos horarios de paradas e atención ao público será fixado pola correspondente delegación provincial da consellería competente en materia de cultura con periodicidade trimestral, dando publicidade dos mesmos alomenos quince días antes do seu comezo, nos concellos e ao público en xeral.
4. Os servizos de bibliobuses serán gratuitos para todos os usuarios, que deberán estar en posesión dun carné que os acredite como tais e que se expedirá nos mesmos vehículos ou nas Delegacións Provinciais de dita consellería.

Artigo 24. Empréstimo directo.

1. Para atender a todas aquelas persoas que non podan acceder a bibliotecas, axencias de lectura e bibliobuses, se establece o sistema de empréstimo directo, atendido polas delegacións provinciais da consellería competente en materia de cultura.
2. O empréstimo directo é o que se realiza a través de envíos ao usuario mediante a utilización de servizos de transporte.
3. Poderá realizarse o empréstimo directo a persoas físicas que soliciten este servizo ás Delegacións Provinciais da consellería.
4. Os interesados en recibir este servizo dirixiranse á delegación provincial da consellería da súa provincia respectiva, solicitando o carné de usuario. Canda el se lle remitirá un catálogo ou relación de material bibliográfico e audiovisual en empréstimo e as normas concretas de funcionamento.
5. Os gastos de envío e a devolución correrán por conta das delegacións provinciais da consellería, obrigándose ao beneficiario do empréstimo a cumprir as normas que lle indiquen ás Delegacións Provinciais, fundamentalmente encanto a prazos de devolución e número de obras que se poden solicitar de cada vez.

CAPÍTULO IV REXISTO DE BIBLIOTECAS DE GALICIA

Artigo 25. Xestión.

Corresponde ao centro directivo competente segundo a estrutura orgánica da consellería competente en materia de cultura, a xestión do Rexisto de Bibliotecas de Galicia e a tramitación dos expedientes que se deriven de todas as actuacións.

Artigo 26. Bibliotecas inscreibíbeis.

Todas as bibliotecas que desexen formar parte da Rede de Bibliotecas de Galicia poderán inscribirse nel, sempre que cumpran os requirimentos estipulados no presente Decreto, así como o acordado nos convenios que asinen coa consellería competente en materia de cultura.

A inscrición no Rexisto de Bibliotecas de Galicia non supón nen obriga á integración na Rede de bibliotecas de Galicia, pero é requirimento indispensable para pertencer á mesma.

Artigo 27. Solicitud de inscrición.

1. O expediente de inscrición iníciase mediante instancia dirixida ao conselleiro competente en materia de cultura (anexo I), polo alcalde-presidente do concello no caso das bibliotecas municipais, polo presidente da Deputación Provincial no caso de bibliotecas dependentes destas institucións, polos reitores das Universidades no caso de bibliotecas universitarias, e polos titulares correspondentes no caso de bibliotecas privadas, que se presentará no rexisto xeral da consellería competente en materia de cultura, nas súas delegacións provinciais, ou ben remitirase por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Rexime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Comun.
2. Á instancia se lle achegarán os seguintes documentos:
 - a) Copia do convenio asinado coa Consellería competente en materia de cultura, en caso de o ter asinado.
 - b) Copia dos planos do local.
 - c) Impreso coberto (anexo II) onde consten todas as características do centro.

Artigo 28. Procedimento de inscrición.

1. Recebida a solicitude de inscrición no rexisto e unha vez comprobada polos servizos competentes, o titular do centro directivo competente elevará a proposta ao conselleiro competente en materia de cultura, quen resolverá a inscrición no libro de rexisto correspondente.
2. As bibliotecas inscritas comunicarán ao Rexisto de Bibliotecas calquer modificación que se produza nos datos consignados na solicitude de inscrición.

Artigo 29. Incumprimentos.

O incumprimento do establecido pola Lei 14/1989, de 11 de outubro, de bibliotecas, e por este decreto, así como o incumprimento do estipulado no convenio que a biblioteca, ou institución da que dependa, firme coa consellería competente en materia de cultura, ou a falsidade nos datos consignados na solicitude de inscrición, poderá dar lugar á cancelación temporal ou definitiva da inscrición no Rexisto de Bibliotecas de Galicia.

CAPÍTULO V

DA CRIACIÓN DAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS E DA INTEGRACIÓN NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA

Artigo 30. Solicitantes.

Poderán solicitar a creación dun servizo bibliotecario e a súa integración na Rede de Bibliotecas de Galicia todos os concellos de Galicia.

Artigo 31. Expediente de creación.

1. O expediente de creación da biblioteca ou axencia de lectura iníciase mediante instancia dirixida ao conselleiro competente en materia de cultura (anexo III), que será presentada nas delegacións provinciais da consellería competente en materia de cultura, ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Rexime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Comun, e irá acompañada da seguinte documentación:
 - a) Certificación do acordo do pleno da corporación municipal, de solicitar a creación dunha biblioteca ou dunha axencia de lectura municipal e de comprometerse a facerse cargo dos gastos de persoal e do seu mantemento, incluíndo a tal efecto os citados gastos nos presupostos do concello.
 - b) Plano dun local onde pretende instalar o servizo bibliotecario, con todos os datos necesarios para o correcto coñecemento do proxecto e informe das obras que se pretendan realizar, en caso de ser necesarias.
2. A consellería competente en materia de cultura, a través dos servizos técnicos do correspondente centro directivo, examinará e redixirá informe sobre a idoneidade e calidade dos locais presentados nun prazo de tres meses. En función deste informe, do compromiso do concello para o mantemento do centro, e da maior ou menor necesidade social - poboación pendente de atención, servizos e

necesidades existentes e carencia ou non de centros de lectura na zona- se establecerán as prioridades correspondientes. O titular do centro directivo competente elevará a correspondiente proposta ao conselleiro competente en materia de cultura, quen resolverá dentro das disponibilidades orzamentares. Esta resolución, de ser positiva, estará condicionada á sinatura dun convenio co concello solicitante no prazo sinalado na mesma resolución, e será efectiva a partir da sinatura do citado convenio.

Artigo 32. Inscripción.

Unha vez comunicada a resolución do conselleiro competente en materia de cultura, as bibliotecas seleccionadas deberán solicitar a súa inscrición no Rexisto de Bibliotecas de Galicia.

Artigo 33. Obrigas do concello e da consellería competente en materia de cultura.

1. En caso de se acordar a criación dunha nova biblioteca municipal ou axencia de lectura coa colaboración da consellería competente en materia de cultura, o concello terá as seguintes obrigas:
 - Dotará á biblioteca ou axencia de lectura de locais adecuados, de acordo co disposto nos artigos 11 e 13 deste Decreto.
 - Consignará nos seus orzamentos as partidas adecuadas para atender os gastos de mantemento do local, do mobiliario, de funcionamento e para a actualización de fondos bibliográficos da biblioteca.
 - Dotará á biblioteca ou axencia de lectura do persoal técnico ou auxiliar necesario, tendendo en conta o estipulado no capítulo II deste Decreto. A contratación de persoal deberá facerse segundo a convocatoria e temario aprobados pola consellería competente en materia de cultura, que enviará un representante con coñecementos técnicos ou biblioteconomía para formar parte do tribunal de oposicións.
2. A consellería, pola súa parte, asumirá as seguintes obrigas:
 - Dotará á biblioteca ou axencia de lectura do mobiliario necesario para o seu correcto funcionamento.
 - Dotará á biblioteca ou axencia de lectura dun lote fundacional de libros, composto alomenos polas obras de referencia, empréstimo a domicilio e infantis e xuvenis suficientes como para pór en marcha os correspondentes servizos do centro. Este lote non deberá ser inferior aos 1.500 títulos. O número de títulos en galego non deberá ser inferior aos 500.
 - Ofrecerá a asesoría técnica necesaria para a correcta posta en marcha da biblioteca ou axencia de lectura.
 - Integrará a biblioteca ou axencia de lectura na Rede de Bibliotecas de Galicia.
3. Todas estas obrigas e outras que acordaren ambas as partes, se recollerán nun convenio, que deberá ser asinado polo conselleiro competente en materia de cultura e o alcalde-presidente do concello que solicite a criación do servizo.

Artigo 34. Criación.

Suscrito dito convenio, procederáse á criación formal do novo servizo bibliotecario mediante orde do conselleiro competente en materia de cultura, publicada no «Diario Oficial de Galicia».

Artigo 35. Axudas.

En caso de se solicitar axuda para ampliación ou reinstalación dunha biblioteca ou axencia de lectura (anexo III), a colaboración da consellería competente en materia de cultura, establecerase en función dos materiais e servizos xa existentes e das novas necesidades xurdidas ante o troco. Non será necesario neste caso a sinatura dun novo convenio nen a criación formal do novo servizo bibliotecario mediante orde do conselleiro competente en materia de cultura.

Artigo 36. Centros bibliotecarios susceptibles de integración na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Poderán solicitar a integración dun servizo bibliotecario na Rede de Bibliotecas de Galicia os titulares dos centros bibliotecarios xa existentes aos que se refire o capítulo II deste Decreto. Tamén poderán integrarse os centros bibliotecarios aos que se refere o capítulo III. Para poder acceder á integración na Rede de Bibliotecas de Galicia, unha biblioteca deberá estar previamente inscrita no Rexisto de Bibliotecas de Galicia.

Artigo 37. Expediente de integración na Rede de Bibliotecas de Galicia.

O expediente de integración na Rede de Bibliotecas de Galicia dun centro bibliotecario xa existente iniciárase mediante instancia dirixida polo titular da biblioteca ao conselleiro competente en materia de cultura (anexo IV) que irá acompañada da seguinte documentación:

- Copia da instancia de solicitude de inscrición no Rexisto de Bibliotecas de Galicia.
- En caso de ter asinado convenio previo coa consellería competente en materia de cultura, copia deste.

Artigo 38. Integración.

O conselleiro competente en materia de cultura, por proposta do titular do centro directivo competente, resolverá a inclusión ou non do centro bibliotecario na Rede de Bibliotecas de Galicia. Esta resolución, de ser favorábel, estará condicionada á sinatura dun convenio que deberá axustarse ao estipulado no presente decreto e que poderá responder nos restantes termos ás especiais características de cada tipo de centros. Este convenio deberá ser asinado dentro do prazo que a mesma resolución sinala, sendo efectivo a partir de dita sinatura. O feito de non asinar o convenio neste prazo deixará sen efectos a posíbel resolución favorábel e suporá o arquivo definitivo da solicitude.

Artigo 39. Adquisición da condición de biblioteca comarcal.

As bibliotecas municipais que adquiran a condición de bibliotecas comarcais deberán asinar un novo convenio que recolla esta especial consideración.

Artigo 40. Cooperación e coordinación dos centros integrados na Rede de Bibliotecas de Galicia.

1. Os centros bibliotecarios que se integren na Rede de Bibliotecas de Galicia deberán emprestar a súa colaboración nos planos e proxectos de cooperación, coordinación e normalización segundo os termos do convenio asinado.
2. Esta pertenza á Rede de Bibliotecas de Galicia daralle acceso a participar e ser beneficiaria dos citados planos e proxectos. Iso supón:
 - A participación nos planos de informatización da Rede de Bibliotecas de Galicia.
 - O acceso ás bases de datos do Centro Superior Bibliográfico de Galicia.
 - A posibilidade, en función do tipo de biblioteca, de participación nos envíos de lotes de libros realizados periodicamente polo servizo competente en materia de libro e bibliotecas.
 - O acceso aos servizos e participación nos programas de catalogación compartida ou centralizada.
 - A participación no programa de empréstito interbibliotecario.
 - A integración do centro bibliotecario nos programas de recuperación, conservación, microfilmación, dixitalización ou rexisto en calquer outro sistema de memoria, de materiais de especial interese que podan ser levados a cabo.
 - A participación prioritaria dos profesionais das bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia nos cursos de formación e aperfeiçoamento realizados pola consellería competente en materia de cultura.

Artigo 41. Causas de exclusión da Rede de Bibliotecas de Galicia.

1. Os centros bibliotecarios que non asinen o correspondente convenio coa consellería competente en materia de cultura, excepto os xestionados por ésta, non poderán formar parte da Rede de Bibliotecas de Galicia.
2. O incumprimento do convenio poderá ser motivo de exclusión temporal ou definitiva do centro bibliotecario de que se trate da Rede de Bibliotecas de Galicia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Única.

Fican derogadas as seguintes normas: o Decreto 38/1991, de 1 de febreiro, polo que se regula o funcionamento das bibliotecas itinerantes de empréstito; a Orde de 14 de febreiro de 1992, pola que se desenvolve o anterior Decreto; o Decreto 57/1992, de 19 de febreiro, polo que se desenvolven as funcións dos órganos do sistema bibliotecario de Galicia; o Decreto 24/1995, de 20 de xaneiro, polo que se regulan os centros bibliotecarios fixos, excepto o seu artigo 17 polo que se crea o Rexisto de Bibliotecas de

Galicia; a Orde de 4 de abril de 1995, pola que se regula o funcionamento do Rexisto de Bibliotecas de Galicia; a Orde de 21 de novembro de 1995, pola que se desenvolve o Decreto 24/1995; no referente á creación de bibliotecas municipais en colaboración coa consellería e pola que se regula a integración na Rede de Bibliotecas de Galicia; e a Orde de 27 de agosto de 1996, pola que se declara como biblioteca nodal a Biblioteca Central de Vigo.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira.

Facúltase ao conselleiro competente en materia de cultura, para que dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do presente decreto.

Segunda.

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».